

## **PROXECTO DE DECRETO .../2019, do ... de ..... polo que se crea a *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra***

O artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade autónoma a competencia exclusiva sobre patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, e o artigo 32 sobre a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva na defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a expoliación, e o 149.2 que dispón que o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

O Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, estipula no artigo 1 que esta consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden os aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia; e o artigo 11 atribúe á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as funcións de dirección e coordinación das actuacións da Consellería en materia de patrimonio cultural.

A Ribeira Sacra é un territorio condicionado por unha espectacular topografía derivada do encaixamento dos cursos fluviais do Sil e do Miño, sen formalización administrativa e cunhas características sobranceiras en especial relacionadas co seu valor cultural.

O decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra se describe como unha paisaxe cultural viva, organicamente desenvolvida, é a que preserva unha función social activa na sociedade contemporánea, moi ligada ao modo de vida tradicional, e no que continúa o proceso evolutivo. Ao mesmo tempo, presenta unha evidencia material manifesta da súa evolución ao longo do tempo. A Ribeira Sacra evolucionou nos últimos tempos na confirmación da súa identidade. Como unidade de paisaxe e características xeolóxicas e morfolóxicas, existen claras evidencias da súa identidade diferenciada, sustentadas nunhas mostras do patrimonio cultural que resultan tamén destacables tanto polo seu marco cronolóxico como pola densidade e condicións propias de desenvolvemento.

O anexo VII deste decreto contén unha delimitación da paisaxe cultural declarada ben de interese cultural e da súa zona de amortecemento, tal e como se recolle na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, aos que son aplicables o réxime de protección xeral e específico definido na Lei e no decreto de delimitación.

Ademais das zonas de protección, o decreto tamén recolle unha zona estendida denominada área de estudo nos traballos preliminares e con carácter definitivo territorio da Ribeira Sacra, e que está composto pola totalidade dos concellos de Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Esgos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Monforte de Lemos, A Peroxa, A Pobra do Brollón, A Pobra de Trives, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo.

Toda a área de estudo é Territorio da Ribeira Sacra, tanto a área de amortecemento como o resto de parroquias da bocarribeira e das abas das montañas, as terras de Caldelas, Trives e Lemos.

Pero a declaración dunha paisaxe cultural non é só o recoñecemento dun valor cultural senón a identificación de ámbitos coherentes nos cales serán de aplicación medidas de protección e conservación orientadas cara a unha xestión responsable e sustentable.

Así mesmo no Territorio da Ribeira Sacra existen entidades que representan de forma especialmente sinalable ás comunidades locais da Ribeira Sacra no seu conxunto e ás actividades relacionadas coa paisaxe e a súa difusión: o Consorcio Turismo Ribeira Sacra e a Denominación de Orixe Protexida Ribeira Sacra.

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra foi creado en 2005 conforme ao disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. A súa composición coincide relativamente coa do Territorio do Decreto 166/2018, á excepción de Pobra de Trives e San Xoán de Río, e incorpora no 2014 ao Concello de Bóveda, á Asociación Ribeira Sacra Rural e á Denominación de Orixe Protexida Ribeira Sacra.

A Denominación de Orixe Protexida Ribeira Sacra (DO), creada en 1993, ocupa un espazo relevante na xestión dunha parte singular desta paisaxe, que son as terrazas destinadas ao cultivo do viño. Todos os concellos que teñen territorios na DO están entre os anteriores agás o de Manzaneda.

Así mesmo, nos traballos para a a declaración de ben de interese cultural da paisaxe cultural por motivacións obxectivas e operativas de carácter xeográfico, o termo municipal de Chandrexa de Queixa formou parte da área de estudo global da Ribeira Sacra pola súa relación cos territorios históricos de Trives e Montederramo.

Pola súa relevancia no contexto socio económico e na representación das comunidades locais e pola unidade e coherencia que ofrece a consideración conxunta desta área de estudo que se estende con respecto ao do territorio da paisaxe cultural estímase preciso incorporar, aos efectos da participación pública, xestión, compromiso na protección e difusión dos seus valores culturais a todos os concellos do Territorio da Ribeira Sacra e aos de Bóveda, Manzaneda e Chandrexa de Queixa polas consideracións obxectivas devanditas.

O anexo VII do decreto de declaración da Ribeira Sacra identifica a necesidade de elaboración de ferramentas de xestión e que o seu ámbito é o da totalidade dos concellos relacionados. Neste ámbito máis amplo xa existen algunhas ferramentas para a xestión coordinada (Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, o Xeodestino Ribeira Sacra ou a Denominación de Orixe Ribeira Sacra). Todos eles teñen en común unha vontade de pertenza e recoñecemento como parte da Ribeira Sacra, se ben o alcance da súa temática de xestión é limitada ou parcial.

Tendo en conta a profusión de valores e de elementos relevantes nun ámbito tan extenso, así como as necesidade específicas dun territorio eminentemente ligado á produción agrícola e gandeira, así como ao potencial desenvolvemento das infraestruturas dun turismo e servizos ligados á cultura, á natureza e á paisaxe, estímase imprescindible promover medidas de coordinación e colaboración que proporcionen un marco axeitado e eficaz do desenvolvemento da actividade administrativa, que permita coñecer e valorar as situacións de primeira man e en conxunto e polo tanto resultar mellores nos seus obxectivos de salvagarda.

Así mesmo debe sinalarse que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, está a dirixir a candidatura da paisaxe cultural da Ribeira Sacra á Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO.

Estas candidaturas, que se desenvolven en virtude da Convención sobre a protección do patrimonio mundial cultural e natural da Unesco, asinada en 1972 e aceptada por España o 4 de maio de 1982, ademais de acreditar o valor universal excepcional dos bens, deben

tamén presentar medidas de xestión axeitadas para a súa conservación e establecer canles e ferramentas axeitadas para a toma de decisións e participación activa de todos os interesados e principalmente as comunidades locais.

Así, se o decreto de declaración coma ben de interese cultural garante a protección dos seus valores culturais, son as ferramentas de xestión e colaboración como esta *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra* que se propón, as que resultan eficaces para a aplicación de políticas e accións integradas que redunden na mellora das súas condicións de apreciación e de difusión, así como no benestar das comunidades locais que son o seu soporte, e cuxa acción é a verdadeira creadora da paisaxe e da súa conservación.

Á vista do anterior e as determinacións específicas para a xestión da Ribeira Sacra como paisaxe cultural derivadas do Decreto 166/2018, do 27 de setembro, relativo á declaración de ben de interese cultural da paisaxe cultural da Ribeira Sacra

## **DECRETO**

### **Artigo 1. Obxecto**

1. Este decreto ten por obxecto a creación, composición, funcións e réxime de funcionamento da *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra*.

2. A *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra* é o órgano de coordinación das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito relacionado co territorio da Ribeira Sacra e a paisaxe cultural declarada ben de interese cultural, e para a participación activa das comunidades locais.

### **Artigo 2. Adscrición**

A *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra* estará adscrita á Consellería de Cultura e Turismo, que nomeará entre o seu persoal ao que resulte idóneo para o seu funcionamento e desenvolvemento das competencias que se definen neste decreto.

### **Artigo 3. Réxime xurídico**

A *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra* rexeráse polo disposto para os órganos colexiados na normativa reguladora do réxime xurídico do sector público; na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, neste decreto e, se é o caso, polo seu regulamento interno de funcionamento.

### **Artigo 4. Funcións**

Son funcións da *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra*:

a) Presentar as iniciativas dos diferentes organismos e entidades representativas no Territorio da Ribeira Sacra para unha xestión eficaz con garantías para a conservación dos seus valores como paisaxe cultural.

- b) Seguir as estratexias, plans, políticas e accións da Xunta de Galicia e organismos e entidades representativas no Territorio da Ribeira Sacra e coñecer os seus resultados.
- c) Coordinar e fomentar as accións da Xunta de Galicia, sen prexuízo do exercicio das competencias propias de cada departamento.
- d) Apoiar e impulsar as liñas de acción para a protección, conservación, investigación e difusión dos valores da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, dos organismos e entidades representativas no seu Territorio da Ribeira Sacra, e en especial as promovidas en conxunto polas entidades municipais a través do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.
- e) Propoñer as medidas necesarias para a homoxeneización, desenvolvemento e aplicación da normativa vixente en relación á Ribeira Sacra, así como coñecer sobre as propostas normativas que lle afecten.
- f) Elaborar propostas para a súa elevación ás distintas administracións públicas, entidades públicas e privadas, así como de particulares en relación coa situación e potencialidades da Ribeira Sacra como paisaxe cultural.
- g) Aprobar un informe periódico sobre a situación da paisaxe cultural da Ribeira Sacra.
- h) Calquera outra competencia e función relacionada co seu ámbito de actuación ou que lle sexa atribuída pola normativa vixente, así como as que lle encomende o Consello da Xunta e as que lle deleguen os órganos con competencia na materia.

## **Artigo 5. Composición**

1. A *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra* terá a seguinte composición:

a) *Presidencia*: correspóndelle a Presidencia da *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra* á persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo.

b) *Vicepresidencia primeira*: correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

c) *Vicepresidencia segunda*: correspóndelle á persoa titular da Axencia Turismo de Galicia.

d) *Vogais*: as persoas titulares de cada unha das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Infraestruturas e Mobilidade; Economía, Emprego e Industria; e Medio Rural da Xunta de Galicia.

e) *Secretaría*: a persoa que ostente a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que actuará con voz pero sen voto.

f) *Representantes de organismos e entidades locais*: as persoas que representen a organismos e entidades locais con intereses no Territorio da Ribeira Sacra, tanto de carácter público coma privado, no eido do conservación, a difusión e o desenvolvemento da paisaxe cultural, serán recoñecidas por acordo da Comisión para o axeitado desenvolvemento e eficacia das súas funcións e entre as que estarán, sen prexuízo das que poidan recoñecerse con posterioridade á súa constitución, as persoas designadas aos efectos por:

- Os concellos de Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Chantada, Esgos, Manzaneda, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Paradela, A Peroxa, A Pobra do Brollón, A Pobra de Trives, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo.
- Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra
- Consello Regulador da Denominación de Orixe da Ribeira Sacra
- Asociación Ribeira Sacra Rural
- As persoas que representen ás organizacións de carácter non gubernamental en materia cultural e de desenvolvemento local

- As persoas que representen ás comunidades parroquiais que constitúen a paisaxe cultural da Ribeira Sacra
- Deputación Provincial de Lugo
- Deputación Provincial de Ourense
- Bispado de Lugo
- Bispado de Ourense
- Goberno do Estado
- Confederación Hidrográfica Miño-Sil

2. En caso de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, as persoas titulares serán substituídas polas persoas suplentes designadas polas titulares.

A secretaría poderá ser substituída pola persoa que ostente a Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ou, eventualmente, por quen designe aos efectos a persoa que ostente a vicepresidencia primeira.

3. Na composición da *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra* procurarase conseguir unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

### **Artigo 6. Presidencia**

Son funcións da Presidencia da Comisión:

- a) Exercer a superior representación da Comisión.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias da Comisión, presidilas, levantalas e moderar o desenvolvemento dos debates.
- c) Establecer a orde do día das sesións.
- d) Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.
- e) Visar as actas e certificacións dos acordos da Comisión.
- f) Exercer cantas funcións sexan inherentes á Presidencia do órgano colexiado.

### **Artigo 7. Vicepresidencias**

Correspóndelles ás persoas que desempeñen as vicepresidencias e por orden de prelación:

- a) Substituír á persoa que desempeña a Presidencia na totalidade das súas atribucións, nos casos de vacante, enfermidade, ausencia ou outra causa legal.
- b) Exercer as funcións intrínsecas á súa condición na Comisión, con dereito a voto.
- c) Cantas outras funcións expresamente lle sexan delegadas pola Presidencia.
- d) Asistir á Presidencia nas correspondentes sesións da Comisión.

### **Artigo 8. Vogais**

Correspóndelles ás persoas que desempeñen as vogalías:

- a) Asistir ás reunións e participar nos debates, expoñendo a súa opinión e formulando as propostas que consideren pertinentes.
- b) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

- c) Propoñer á Presidencia, a través da Secretaría da Comisión, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias.
- d) Solicitar e obter a información necesaria para cumprir debidamente as funcións asignadas á Comisión, previa petición, por escrito, dirixida á Secretaría da Comisión.
- e) Formular suxestións, rogos e preguntas.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de vogais.

## **Artigo 9. Secretaría**

Son funcións do/da secretario/a da Comisión:

- a) Asistir ás reunións con voz e sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións da Comisión por orde da persoa que desempeñe a Presidencia, así como as citacións aos membros desta.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos e levantar a acta das sesións do Pleno.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Coordinar as tarefas das subcomisións específicas que se poidan constituír.
- g) Aquelas que sexan inherentes á Secretaría da Comisión.

## **Artigo 10. Representantes de organismos e entidades locais**

Correspóndelles ás persoas que representen aos *organismos e entidades locais*:

- a) Asistir ás reunións e participar nos debates, expoñendo a súa opinión e formulando as propostas que consideren pertinentes.
- b) Propoñer á Presidencia, a través da Secretaría da Comisión, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias.
- c) Solicitar e obter información sobre os asuntos tratados nas ordes do día, previa petición concreta, por escrito, dirixida á Secretaría da Comisión.
- d) Formular suxestións, rogos e preguntas.

## **Artigo 11. Funcionamento**

1. A *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra* funcionará en pleno, en comisión permanente ou en subcomisións específicas.

2. Para a válida constitución da *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra*, en pleno, en comisión permanente ou en subcomisións específicas, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da persoa que desempeñe a Presidencia e da persoa que desempeñe a Secretaría ou das persoas que as substitúan, e da metade, polo menos, dos seus vogais en primeira convocatoria, e dunha terceira parte dos seus vogais en segunda convocatoria.

## **Artigo 12. Pleno**

1. Ao Pleno da *Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra*, coa composición establecida no artigo 5 do decreto, corresponderanlle as funcións propias da Comisión

establecidas no artigo 4, sen prexuízo da súa posible delegación na Comisión Permanente.

2. O Pleno da Comisión reunirse, con carácter ordinario, polo menos, unha vez ao ano e, con carácter extraordinario, cando sexa convocado pola persoa que desempeñe a Secretaría, por acordo da persoa que desempeñe a Presidencia.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos. A persoa que desempeñe a Presidencia, en caso de empate, terá voto de calidade.

4. Os representantes de organismos e entidades locais poderán asistir ás sesións do Pleno, logo de convite da persoa que desempeñe a Presidencia, con voz pero sen voto, acompañados de ser o caso por outras persoas de recoñecida competencia profesional nos asuntos que vaian tratarse.

5. As convocatorias do Pleno, tanto ordinarias coma extraordinarias, realizaranse, polo menos, con dez días de antelación. Á convocatoria achegarase a orde do día dos temas que se van tratar e a documentación necesaria que a acompañe.

6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

7. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse ao/á secretario/a dun órgano colexiado para que lle sexa expedida certificación dos seus acordos.

### **Artigo 13. Comisión Permanente**

1. A Comisión Permanente terá a seguinte composición:

a) Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

b) Dúas vicepresidencias: a Vicepresidencia primeira corresponderalle á persoa que ostente a Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Vicepresidencia segunda á persoa que desempeñe a Xerencia da Axencia Turismo de Galicia.

c) Vogais: unha persoa en representación da Presidencia da Xunta e unha persoa en representación de cada unha das Direccións Xerais ou organismos competentes en materia de paisaxe, natureza, ordenación do territorio e urbanismo, infraestruturas, medio rural, montes, agro e gandería, comercio e enerxía.

d) Secretaría: a persoa que ocupe o Servizo de Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que actuará con voz pero sen voto.

2. Á Comisión Permanente corresponderalle preparar as reunións do Pleno, así como todas aquelas funcións que lle sexan delegadas por aquel.

No caso de exercer competencias por delegación do Pleno, a Comisión Permanente reunirse, con carácter ordinario, polo menos unha vez ao semestre e, con carácter extraordinario, cando sexa convocado pola persoa que desempeñe a Secretaría, por acordo da persoa que desempeñe a Presidencia.

3. A Comisión Permanente dará conta ao Pleno das actuacións derivadas do exercicio das competencias que teña delegadas, a través dun informe que lle elevará anualmente.

4. As convocatorias da Comisión Permanente, tanto ordinarias coma extraordinarias, realizaranse polo menos, con tres días de antelación. Á convocatoria achegarase a orde do día dos temas que se van tratar e a documentación necesaria que a acompañe.

5. A persoa que exerza a presidencia da Comisión Permanente poderá convocar aos representantes de organismos e entidades locais que por razón dos asuntos a tratar resulten de interese para a eficacia dos obxectivos da sesión.

6. Seralle aplicable á Comisión Permanente o disposto nos números 3, 4, 6 e 7 do artigo 12 do decreto.

#### **Artigo 14. Subcomisións específicas**

1. O Pleno e a Comisión Permanente poderán acordar a constitución de subcomisións específicas que elaboren estudos ou informes sobre asuntos encomendados polo Pleno ou pola Comisión Permanente.

2. O acordo de constitución determinará o seu labor, composición, así como a súa forma de funcionamento e ámbito temporal.

3. O traballo das subcomisións culminará nun informe, que incluírá propostas de actuación e que se elevará ao Pleno ou a Comisión Permanente, segundo o órgano que acordase a súa constitución, para o seu debate e votación.

4. No caso de que a constitución das subcomisións específicas fose acordada pola Comisión Permanente, esta dará conta ao Pleno no informe establecido no número 3.

#### **Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa***

Facúltaselle a persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do presente decreto.

#### **Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.